



ORDENANZA FISCAL 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, CASCALLOS, VALADOS, PUNTAIS, CABALETES, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas, a que se refire o artigo 20.3. g) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da realización de ocupacións de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.
2. No están suxeitos os elementos de protección nas obras, cando se instalen volados sobre a vía pública sen ningún apoio sobre esta, nin as ocupacións realizadas sobre o solo que, de acordo coas normas urbanísticas, fosen obxecto de cesión ao Excmo. Concello de Pontevedra.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.
2. Para estes efectos, enténdese que se beneficia do aproveitamento quen materialmente execute a obra.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e todo en función do tipo de ocupación, da superficie e da categoría da rúa onde se realice a ocupación.

Artigo 6. Cota tributaria. Réxime xeral.

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación ás tarifas contidas no presente artigo, o correspondente coeficiente fixado no punto 4 do mesmo, e, excepcionalmente, no artigo 7.

2. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

ACTIVIDADE	TARIFA MENSUAL
6.2.a) Ocupación de terreos de uso público con valados fixos, grúas, estadas ou outras instalacións análogas	4,07 € por m ² ou fracción
6.2.b) Ocupación de terreos de uso público en obras e similares con valados móbiles e similares	7,64 € por m ² ou fracción
6.2.c) Ocupación da vía pública con puntais, cabaletes ou outros elementos de apeo	1,72 € por cada elemento
6.2.d) Contenedores de cascallos	123,17 € por cada 15 m ² ou fracción

3. A partir do sexto mes, a tarifa correspondente incrementarase nun 20%. O incremento será dun 50% a partir do primeiro ano de colocación, e se practicará sobre a tarifa xa incrementada.

4. Sobre a tarifa así determinada aplicarase a seguinte escala de coeficientes, en función da categoría fiscal da rúa onde se realice a ocupación, segundo as categorías previstas na Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas:

<u>CATEGORÍA</u>	<u>COEFICIENTE</u>
Rúas de 1ª categoría	1,44
Rúas de 2ª categoría	1,24
Rúas de 3ª categoría	1,03
Rúas de 4ª categoría	0,93
Rúas de 5ª categoría	0,82

5. Os parques e prazas públicos asimílanse, aos efectos desta taxa, as rúas da categoría máis alta daquelas que os circundan. Cando a ocupación se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase o coeficiente correspondente á de categoría máis alta.

Artigo 7. Cota tributaria. Aproveitamentos en días puntuais.

1. Para instalacións non habituais realizadas en días puntuais, así como no caso de grúas, camións e outros elementos análogos sempre que sexan móbiles, os suxeitos pasivos poderán acollerse ao réxime excepcional previsto no presente artigo.

2. Neste suposto, a tarifa será de 40,64 euros por día, ponderada coa aplicación dos coeficientes sinalados no apartado 4 do artigo anterior. A tarifa reducirase nun 50% no suposto de que a ocupación o sexa por medio día ou fracción e sempre que a autorización concedida polo concello de Pontevedra así o recolla expresamente.



Artigo 8. Período impositivo e devengo

1. O período impositivo coincidirá co mes natural, excepto no suposto previsto no apartado seguinte. A taxa devengase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, en cuxo caso se devenga no momento da ocupación.
2. No caso de aproveitamentos en días puntuais ou de aproveitamentos de grúas, camións e outros elementos análogos sempre que sexan móbiles, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa devengase o día declarado de instalación.
3. A taxa devengarase aínda nos casos en que a instalación sexa obrigatoria por disposición da Administración Municipal.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 9. Autoliquidacións ou declaracións no réxime xeral

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións coa alta e as declaracións de baixa. Así mesmo, cando se produza unha modificación do número de elementos instalados ou da superficie, que supoña un incremento da cota tributaria, estarán obrigados a presentar a correspondente autoliquidación. No caso de que a modificación supoña a diminución da cota tributaria, estarán obrigados a presentar unha declaración pola dita modificación. Así mesmo, presentarán as declaracións de cambio de titularidade.

Nos supostos de autoliquidacións de alta ou modificación que supoña incremento dos elementos instalados, estas esixiranse en réxime de depósito previo.

- 2 As citadas autoliquidacións ou declaracións deberán ser presentadas nos 5 días naturais da:
- a) Instalación, nos casos de alta ou modificación que implique un incremento dos elementos instalados ou da superficie.
 - b) Retirada, nos casos de baixa ou modificación que implique unha diminución dos elementos instalados ou da superficie.
 - c) No caso de que a ocupación non se chegue a realizar. Neste caso, o prazo de 5 días naturais computará dende a data que conste na autoliquidación de alta.
3. As autoliquidacións de alta, así como as autoliquidacións ou declaracións de modificación, deberán acompañarse dun croquis onde conste a superficie e a forma do valado.
4. Os suxeitos pasivos que se atopen no suposto de non suxeición relativos aos terreos obxecto de cesión ao concello de Pontevedra, no caso de obras de nova construción, deberán presentar, unha declaración a efectos informativos ante o OTXT, acompañada da documentación sinalada no apartado anterior, para o coñecemento do mesmo.
5. As declaracións de cambio de titularidade das ocupacións realizadas tramitaranse como modificacións, debendo ser presentadas polo novo titular. A esta declaración acompañaráselle copia do último recibo e a copia do título que provoca o cambio de titularidade. En ningún caso, a simple presentación da declaración de baixa polo anterior titular surtirá efectos mentres continúen instalados os elementos.
6. A falta de presentación das autoliquidacións determinará que os aproveitamentos detectados se entendan realizados desde a data da concesión da licenza de obra ou do inicio de calquera actuación administrativa que declare a súa existencia, no caso de que comezase previamente á obtención da licenza, aplicándoselle a tarifa correspondente a dito período, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.

7. A falta de presentación das autoliquidacións de incremento de ocupación determinará que se considere á superficie ocupada efectivamente como si o estivera desde a data da alta ou a determinada, no seu caso, de acordo coas normas do apartado anterior, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidación se puideran impoñer.

8. As declaracións de baixa ou de modificación que supoña diminución dos elementos surtirán efectos dende a data de baixa declarada, sempre e cando se presentasen no prazo previsto no apartado 2 deste artigo. Sen embargo, a presentación destas fora de prazo, producirá efectos desde a súa presentación, de acordo co disposto no artigo 119.3 da Lei 58/2003, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer.

9. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais.

Artigo 10. Autoliquidacións polos aproveitamentos en días puntuais

Para as ocupacións que queiran efectuarse acolléndose ao réxime establecido no artigo 7, os suxeitos pasivos deberán presentar, con anterioridade á instalación dos elementos, unha autoliquidación na que se sinalen os días da ocupación.

Artigo 11. Xestión no réxime xeral

1. A taxa xestionarase mediante padrón que, unha vez aprobado polo órgano competente, exporase ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso, publicaranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

2. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.

3. As declaracións de baixa producirán a baixa no padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas declaracións.

4. As autoliquidacións e declaracións de modificación producirán a incorporación ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen.

5. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Excmo. Concello de Pontevedra as distintas instalacións.

6. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse mediante recibo ou autoliquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período sinalado.

Artigo 12. Xestión nos aproveitamentos en días puntuais

1. A falta de presentación da autoliquidación para acollerse ás tarifas sinaladas no artigo 7 determinará que aos aproveitamentos detectados se lles aplique a tarifa do artigo 6, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.

2. Os preceptos relativos á xestión no réxime xeral rexerán tamén para esta forma de xestión, excepto no que sexa exclusivamente aplicable a aquela. Non obstante, nestes aproveitamentos non é preciso a presentación de declaracións de baixa.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de decembro de 2001, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

